

INSTRUCCIÓN DE APLICACIÓN DA FASE 2 AO SECTOR DE RESTAURACION E HOSTELERÍA

Por decreto de 8 de maio de 2020, a Alcaldía resolveu AUTORIZAR o incremento da ocupación do dominio público con mesas e cadeiras ao servizo de establecementos de hostalería (artigo 14.1 da Ordenanza Reguladora) concedido na licenza en vigor no ano 2019, polo espazo imprescindible para facer factible a instalación do cincuenta por cento das mesas autorizadas no ano 2019 cumprindo as condicións sanitarias e de saúde pública en vigor en cada momento .

As citadas condicións tras a Instrución da Alcaldía de 15/05/2020 son as seguintes:

1.- O número máximo de mesas e cadeiras permitidas limítase ao 50% do número total do que xa tiñan autorizado no ano 2019.

2.-Respetarase en todo caso a área peonil que debe ter largo mínimo de 2 metros. Calquera largo maior será benvido pero non é esixible

3.-O número máximo de persoas que poden estar en cada un dos módulos son as correspondentes ás cadeiras permitidas en cada módulo no artigo 17 da Ordenanza .

4.-De conformidade co sinalado no apartado 3 do artigo 15 da Orde SND/399/2020, do 9 de maio, a ocupación máxima será de dez persoas por agrupación de mesas.

O mesmo día 15 de maio publicouse na páxina WEB municipal un mapa dinámico elaborado polo servizo de cartografía no que quedaba reflecta unha proposta de ocupación que non é a única posible, non ter carácter obrigatorio e na que se está aínda traballar.

II

No apartado 2 do artigo 15 da Orde SND/399/2020 de 9 de maio , establécese a posibilidade de que o Concello conceda permiso para incrementar a superficie destinada á terraza ao aire libre , incrementando o número de mesas , respectando en todo caso a proporción do 50% entre mesas e superficie dispoñible e levando a cabo

un incremento proporcional do espazo peonil no mesmo tramo da vía en que se ubique a terraza.

En consideración ao exposto, aqueles hostaleiros que queiran incrementar a superficie de dominio público concedida na súa licenza durante esta situación excepcional deberán presentar DECLARACIÓN RESPONSABLE coa copia da licenza de terraza vixente acompañando un plano a escala que represente a ocupación pretendida e os locais e portais de vivendas lindeiras na que manifesten baixo a súa responsabilidade:

- Que cumpren as condicións da Orde SND/399/2020 de 9 de maio, do decreto de Alcaldía de 8 de maio, da Instrución de 15 de maio e da súa licenza no que non sexa incompatible con estas .
- Que se levará a cabo un incremento proporcional do espazo peonil no mesmo tramo da vía pública no que se ubique a terraza (artigo 15.2 da Orde 399/2020)
- Que se comprometen a volver á configuración da ocupación en vigor a data 13/03/2020, cando se levanten as restricións vixentes como consecuencia da pandemia ou do Estado de Alarma decretado.
- Manifestación expresa de conformidade coa tramitación do expediente e levantamento da suspensión (modelo colgado na Páxina WEB municipal)

III

A Orde SND/414/2020, DE 16 DE MAIO, para flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional establecidas tras a declaración do Estado de Alarma en aplicación da Fase 2 do Plan de Transición ata una nova normalidade, permite a reapertura ao público de locais de hostalería e restauración para o consumo no local (salvo discotecas e bares de ocio) sempre que non superen o 40% do seu aforo.

Esa reapertura debe realizarse cumprindo as condicións do artigo 18 da Orde, e no que nos ocupa :

1/O consumo so pode realizarse en mesa ou agrupación de mesas entre as que debe haber una distancia de 2 metros

2/A mesa ou agrupación de mesas debe ser acorde ao número de persoas. A norma non establece cal é esa proporción. Debería utilizarse por analogía a aplicada para os módulos de terrazas.

3/Deberán cumprirse as medidas de hixiene e prevención do artigo 19 da Orde.



CONCELLO DE
SANTIAGO

4/ Os locais que teñan terrazas en espazos libres privados ao aire libre (tanto con acceso directo desde o exterior como a través do local) poderán ocupalas co 50% das mesas e cadeiras contidas na súa autorización do ano 2019 cumprindo as condicións da Orde SND/399/2020, Decreto de Alcaldía de 08/05 e Instrución de 15/05, evidentemente no que lles resulte de aplicación sen que se compute a ocupación dentro do 40% de aforo do local, segundo sinala o apartado 4 do artigo 18 da Orde 414/2020.

Santiago de Compostela, 25 de maio de 2020.

O Alcalde,

Asdo. Xosé Sánchez Bugallo.